

## SEGURIDADE ACTIVA

A seguridade activa do vehículo comprende todos aqueles dispositivos que nos axudan directamente a evitar os accidentes, sobre todo ao garantiren que o vehículo responde ás nosas ordes con exactitude e rapidez.

## A DIRECCIÓN

Un mal uso e mantemento da dirección pode chegar a provocar a súa rotura e, xa que logo, a perda do control do vehículo. Por iso:

- ❖ evita os golpes das rodas con bordos, fochancas e fochas;
- ❖ non aceleres ou frees bruscamente, nin subas ou baixes bordos cando teñas o volante virado ao máximo;
- ❖ revisa periodicamente o nivel de líquido existente no sistema da dirección asistida;
- ❖ e se escotitas algúun ruído estraño ao virares o volante ou notas algo raro ao conducires, por exemplo que o coche se desvíva cara a un lateral ou o volante vibra en exceso, acode inmediatamente ao taller.



## OS FREOS

Son outro elemento de seguridade activa de que un funcionamento e unha utilización correctos resultan determinantes para poder diminuir a velocidade ou deternos completamente sen que exista risco de accidente. Por iso, recomendámose o seguinte:

- ❖ En tramos longos de baixada, axúdate do freo motor utilizando marchas curtas para evitares que os freos poidan "fatigarse" e perder eficacia.




- ❖ Se o teu vehículo ten ABS, en caso de freada de emergencia preme firmemente os pedais do freo e do embrague, áinda que escotitas un ruído estraño ou notes unha forte vibración no primeiro.
- ❖ Revisa de cando en vez o nivel do líquido de freos e asegúrate de que se cambia de acordo coas indicacións do fabricante.
- ❖ Se oes algún ruído ou notas un comportamento estraño ao freares, por exemplo que o coche se desvíva cara a un lado, acode canto antes ao taller.

## OS PNEUMÁTICOS

Os pneumáticos xogan un papel fundamental á hora de frear ou de manter a traxectoria e o control do vehículo. Así pois:

- ❖ evita subir a bordos ou chanzos, xa que se poden producir cortes e roturas neles;
- ❖ comproba unha vez ao mes a presión das rodas, incluída a da roda de reposto, e sempre antes de calquera viaxe ou cando notes algo anormal;
- ❖ revisaos de cando en vez e comproba que:
  - a profundidade do debuxo sexa superior á mínima legal, é dicir, 1,6 mm;
  - a forma e o nivel de desgaste sexan iguais en ambos os lados de cada pneumático;
  - e non teñan cortes nin alombamentos.

- ❖ por último, cando poñas pneumáticos novos, asegúrate de que se cambian as válvulas e se fai o equilibrado.



## A SUSPENSIÓN

Desempeña tamén un papel destacado á hora de frear ou de manter a traxectoria e o control do vehículo. Velaquí algúuns consellos ao respecto:

- ❖ Fai que a revisen periodicamente segundo o plan marcado polo fabricante.
- ❖ Acude a un taller se notas algo estraño no comportamento do vehículo, por exemplo un abalo excesivo nas curvas ou un desgaste desigual dos pneumáticos.

## A ILUMINACIÓN

É un elemento básico de seguridade que nos permite advertir da nosa presenza e das nosas manobras o resto de condutores, así como contar cunha boa visibilidade en condicións de pouca luz. As nosas recomendacións son estas:

- ❖ Comproba cando menos unha vez ao mes que todas as luces do vehículo funcionan ben. E leva repuestos.
- ❖ Mantén limpos os faros e pilotos. En caso de rotura, arránxaos inmediatamente.

- ❖ Se circulas co maleteiro cargado, regula a altura dos faros dianteiros para evitar cegar os demais.

#### **PARABRISAS E LIMPAPARABRISAS**

O primeiro evita o impacto de axentes externos contra o/a condutor/a e os pasaxeiros, mentres os segundos permiten manter unha boa visibilidade. Por iso:

- ❖ para desembazar utiliza o aire acondicionado e a calefacción ao mesmo tempo ao máximo, e non te poñas en marcha ata que sexa seguro;



- ❖ aumenta a distancia de seguridade se notas algún impacto;
- ❖ e comproba a auga e o estado dos limpaparabrisas.

## *E lembra*

- ✓ Aprende a utilizar de forma correcta os sistemas de seguridade.
- ✓ Mantén os distintos elementos en perfecto estado de funcionamento.
- ✓ Acude inmediatamente a un taller se detectas calquera anomalía.

# **RECOMENDACIÓN S DE SEGURIDADE VIARIA: SEGURIDADE ACTIVA**



**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**



**FREMAP**

*Mutua de Accidentes de Trabajo y Enfermedades Profesionales de la Seguridad Social Número 61*



**MINISTERIO  
DE EMPLEO  
Y SEGURIDAD SOCIAL**

SECRETARÍA DE ESTADO  
DE LA SEGURIDAD SOCIAL

DIRECCIÓN GENERAL  
DE ORDENACIÓN DE  
LA SEGURIDAD SOCIAL

Plan General de Actividades Preventivas de la Seguridad Social 2015